



**14 de febreiro de 2013.** Hernández vén de publicitar os 680 postos de traballo que supostamente criará o repotenciamento de [tres centrais hidroeléctricas no Xallas](#)

Á marxe da particular aritmética que usan certos políticos para contabilizar empregados (e desempregados), dende ADEGA preguntámonos a que vén agora facer públicas unhas resolucións publicadas hai case 1 ano, en abril de 2012, e polas que a Xunta autorizaba a Villar Mir instalar 3 novas turbinas no río, aumentando nun 200% o caudal chuchado ao Xallas. Estes proxectos, tramitados dende a era Fraga (2002)

**caducaron en 2009**

, e a Xunta xa con Feijóo, en troques de declarar a súa caducidade,

**amplioulles o prazo**

para executar as obras. Resulta curioso que o tardío anuncio de Hernández coincida coas revelación dos "papeis" do ex-tesoureiro do PP Luis Bárceñas nos que se recollen pagos das empresas de Villar-Mir ao PP por valor de 530.000€. Sr. Hernández, ***excusatio non petita***

...

O Xallas é o río con maior potencia instalada nas bacías da Xunta, e nos últimos 20 kilómetros fica completamente enaxenado a Villar Mir con 5 aproveitamentos e 4 encoros. Perante o desleixo da Xunta para coa situación ambiental e legal deste río, foi polas denuncias dos ecoloxistas (AEMS-Ríos con Vida e ADEGA) que en 2011 a Xunta non tivo máis remedio que [obrigar a Ferroatlántica a devolver o caudal ecolóxico ao Xallas](#), incumprido sistematicamente durante 25 anos.

Porén, as gadoupas de Villar-Mir pretenden seguir aferrollando ao Xallas con [3 novos aproveitamentos](#)

:

**Fervenza II, Ponte Olveira II**

e

**Novo Castrelo**

. Estes proxectos, iniciados en 2002, foron paralisados en 2005 coa moratoria do bipartito, modificados pola empresa en 2007 para convertidos en repotenciamentos e finalmente caducaron en 2009. Feijóo e Hernández, en troques de abrir un expediente de caducidade,

acordaron prorrogar o prazo para a construción das instalacións, que van

**triplicar a cantidade de auga turbinada**

e que levan tamén aparelladas novas subestacións e tendidos eléctricos. As afeccións ao ecosistema do río das novas detraccións de caudal, unido aos novos accesos e ás servidumes das novas liñas eléctricas, deteriorarán a

[Devesa de Anllares](#)

, o bosque atlántico máis occidental de Europa, porposta para se incluír na Rede Natura 2000, nunha

[ampliación anunciada dende 2008](#)

e que non acaba de chegar.

A Xunta tivo a oportunidade en 2009 de **decretar a caducidade** destas instalacións xa que Ferroatlántica esgotou os dous anos para executar as obras sen inicialas, e tivo que pedir prórroga. Estivo na man de Hernández denegar esa prórroga, iniciar un expediente de caducidade e salvar a Devesa de Anllares e o que queda do Xallas, mais... recibiron bula e continuaron vixentes, sendo finalmente aprobadas en abril de 2012. A que vén agora este anuncio de Hernández, convintemente adubiado coa promesa de 680 postos de traballo?

A Xunta sempre fixo súas as pretensións de Ferroatlántica, que a respecto dos proxectos do Xallas argumentaba: *"...Con ello el caudal de aproximadamente 32 m<sup>3</sup>/s que hoy recorre el río de forma improductiva*

*, recorrería*

**en serie**

*las nuevas turbinas"*

(Memoria dos proxectos). A xustificación das obras que fai a empresa, bendicida pola Xunta con prórrogas e acordos

*ad hoc*

, usando os postos de traballo como

**escudos humanos**

, non se sostén. Abonda con seguir a evolución da plantilla de Ferroatlántica nas súas fatorías da costa da Morte, que pasou de máis de 500 traballadores en 1986-89 a escasamente 300 na actualidade, con 4(+3) centrais máis no río. Ulos pois os empregos?

En ADEGA sospeitamos que este extemporáneo e propagandístico anuncio do conselleiro teña máis a ver coas revelacións dos "papeis" de Luis Bárceñas. Temos por unha banda **530.000€**

**para financiar ao PP**

desembolsados polas empresas de Villar-Mir, e por outra un

**escandaloso favoritismo**

da Xunta na tramitación destas minicentrais, con bulas ambientais (25 anos mirando para outro lado e permitindo ao secuestro da ferverza do Xallas) e prórrogas

*ad hoc*

. Casualidade ou causalidade?

